

Variedades lingüísticas (II): variedades diastráticas, diafásicas e diacrónicas

1. Variedades diastráticas

As **variedades diastráticas**, sociais ou sociolectos, aluden ao conxunto de particularidades lingüísticas ligadas a certos grupos sociais que existen dentro dunha comunidade, isto é, a falantes que partillan o mesmo ambiente sociocultural e educacional.

O nivel formativo (estudos, nivel cultural, profesión etc.), a clase social, a idade, o sexo etc. son factores que determinan a existencia destas variedades.

Existen, no mínimo, dous **niveis de lingua**:

- **Nivel culto**, que constitúe o grao máis coidado dunha lingua e que se asocia aos/ás falantes que posúen un alto grao de instrución. Algúns trazos característicos deste nivel son a pronuncia esmerada, a corrección morfolóxica e sintáctica, a riqueza léxica e a ausencia de desvíos e interferencias.
- **Nivel vulgar**, utilizado por persoas con competencia e formación limitadas e caracterizado pola presenza de incorreccións fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas (vulgarismos) e polo emprego dun vocabulario escaso, concreto e con palabras malsoantes.

2. Variedades diafásicas

As **variedades diafásicas**, situacionais ou rexistros, son o resultado da adecuación do discurso a unha situación comunicativa específica. Deste modo, perante unha situación máis formal será preciso recorrer a un discurso máis elaborado, mentres que nun ambiente familiar se utilizará unha linguaxe máis espontánea e menos coidada. Con todo, é habitual que se dean interferencias dun rexistro noutro.

Polo xeral, distínguense dous rexistros:

- **Rexistro formal** ou coidado, usado en situacións formais (actos académicos, discursos políticos etc.) por falantes considerados social e culturalmente ben posicionados.

- **Rexistro informal** ou coloquial, empregado na comunicación cotiá e accesíbel a calquera falante con independencia do seu nivel sociocultural.

Un exemplo de rexistro informal é o rexistro familiar, característico das interaccións entre amigos/as e familiares.

Dentro destas variedades situacionais, destaca a denominada **linguaxe específica** ou de especialidade, unha maneira de falar propia dun grupo social ligada a unha determinada área de coñecemento, un sector socioprofesional concreto ou a un tipo de ambiente (como, por exemplo, o xuvenil). Así, podemos diferenciar tres clases de linguaxe específica:

- **Linguaxe científico-técnica** ou tecnolecto, conformada pola terminoloxía especializada (tecnicismos) dunha área de coñecemento ou especialidade (Medicina, Xustiza, Administración etc.).
- **Xiria** ou criptolecto, unha variedade lingüística de certos sectores socioprofesionais que está caracterizada pola especificidade dun vocabulario de uso e de significación restrinxidos aos seus membros. Son exemplos de xiria o *baralleite* dos afiadores, a *verba dos arxinas* ou *latín dos canteiros*, o *latín dos chafoutas* ou albaneis etc.
- **Calón** ou argot, unha clase especial de xiria asociada aos ambientes xuvenís e marxinais.

3. Variedades diacrónicas

As transformacións experimentadas ao longo da evolución dunha lingua dan lugar ás **variedades diacrónicas** ou históricas, que no idioma galego son as seguintes:

- **Galego-portugués** ou galego antigo, que abrangue a Baixa Idade Media (do século XIII ao século XV).
- **Galego medio**, que comprende os Séculos Escuros (séculos XVI e XVII) e a Ilustración (século XVIII).
- **Galego contemporáneo**, que abarca a Idade Contemporánea (séculos XIX a XXI).

